

INGLÉS EEI DOS ÁNXELES

CONTIDOS TRABALLADOS NO 3º TRIMESTRE

COÑECEMENTO DE SI MESMO/A E AUTONOMÍA PERSOAL

1. O corpo e a propia imaxe

- Exploración de características básicas globais e segmentarias do propio corpo (body parts, repaso).
- Identificación de diferenzas e semellanzas cos outros (body parts topic).
- Identificación de sentimentos e emocións básicas (happy, sad, angry, scared, etc, repaso da unidade de feelings and emotions).

2. Xogo e movemento

- Gusto polo xogo (xogos interactivos, actividades en liña...).
- Conianza nas súas posibilidades motrices (action songs, miming...)
- Utilización correcta de pequenos aparatos e obxectos: dispositivos móbiles, pencil, crayons, etc).

3. A actividade e a vida cotiá

- Satisfacción pola realización de tarefas.
- Gusto polo traballo ben feito por un mesmo/a.
- Valoración e aceptación das normas establecidas nos diferentes contextos.

4. O coidado persoal e a saúde

- Limpeza das distintas partes do corpo (wash face, and especially hands).
- Colaboración no mantemento da orde e da limpeza do medio onde se desenvolven as actividades cotiás (tidy up!).

COÑECEMENTO DO CONTORNO

1. Medio físico: elementos, relacións e medida

- Producción de cambios e transformacións sobre os obxectos, observando os resultados (crafts,...)
- Discriminación de formas, tamaños, cantidades, situacións espaciais, cores..., mediante a realización de xogos interactivos no ordenador, e na realidade (numbers, shapes, colouring,...)

2. Achegamento á natureza

- Identificación de aspectos meteorolóxicos (sunny, cloudy, rainy, windy,... repaso da unidade *How is the weather?*)

3. Cultura e vida en sociedade

-Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando de forma positiva as relacións afectivas que neles se establecen (family members, school supplies, friends...unidades xa tratadas).

– Coñecemento dos distintos tipos de transporte e as súas características (means of transport unidade que si se traballou a modo de ampliación neste terceiro trimestre).

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

1. LINGUAXE VERBAL .

1.1. escoitar, falar e conversar

– Utilización axeitada das normas socialmente establecidas para solicitar, despedirse e saudar (Hello songs, Bye songs,...)

– Actitude positiva cara a lingua estranxeira.

1.2. Aproximación á lingua escrita

– Gusto por escoitar un conto.

– Interese e atención na escoita de narracións, explicacións ou descricións moi sinxelas, lidas por outras persoas (en vídeos, presentacións...).

1.3. Achegamento á literatura

-Gusto polos contos e historietas visuais.

-Recoñecer elementos que se repiten nun conto (personaxes, título, ilustracións...).

2. LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL

– Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor.

– Expresión de sentimentos, emocións, a través do debuxo (no tema de feelings and emotions)

– Identificación das cores (xogos de tipo TPR).

– Memorización e interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía.

– Participación activa en bailes sinxelos (segundo as cancións con soporte visual onde se presentan coreografías sinxelas).

3. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

– Iniciación no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos.

– Reforzo de diferentes contidos traballados na clase mediante a realización de xogos interactivos no ordenador ou dispositivo mobil (a través do blog).

AS COMPETENCIAS TRABALLADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE

- **Competencia na comunicación lingüística:** a excepción da súa dimensión de intercambio. Repetición ou discriminación de sons, escoita activa dun conto para tratar de comprender o que acontece., cantando unha das cancións propostas..
- **Competencia matemática:** os números en inglés, as formas... (repasso)
- **Competencia no coñecemento do mundo físico no que se refire aos aspectos meteorolóxicos.** (repasso do vocabulario e expresións da unidade *How is the weather?*).
- **Tratamento da información e competencia dixital:** o uso dos materiais propostos co blog de aula.
- **Competencia social e cidadá:** comprensión e aceptación da realidade de aillamento social polo propio ben e polo dos demais nesta situación, respecto e empatía polos demais a través de contos...
- **Competencia cultural e artística:** cancións e rimas tradicionais dos países de fala inglesa, xogos interactivos de coloreado propostos onde desenvolven a creatividade e aspectos estéticos.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** desenvolver actividades de forma autónoma como o visionado dun conto que elixen eles mesmos dentro do blog, etc.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: O intercambio informativo coas familias, e a observación directa e procedementos empregados nos trimestres anteriores.</p>
	<p>Instrumentos: Fichas interactivas autocorrixibles. A información facilitada polas familias a través das titoras e titor, relativas aos materiais proporcionados.</p>
	<p>Criterios de avaliación: As dúas primeiras avaliacións determinarán a avaliación final. (nesta 3ª avaliación escolléronse tres indicadores de carácter máis xeral debido a que non se pode realizar unha avaliación baseada na observación directa propia da etapa de infantil).</p> <p>-Mantén unha actitude positiva cara a lingua estranxeira. -Amosa interese por coñecer aspectos da lingua e cultura estranxeira. -Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.</p>
Avaliación 3º trimestre	<p>Dado o carácter excepcional da situación actual, manteranse as apreciacións individuais obtidas hasta o momento do confinamento, co cal o primeiro e segundo trimestre determinaran a avaliación deste terceiro. Tendo en conta a información recadada das familias a través das titoras e titor.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Contos interactivos, xogos (memories, listen and match...), presentacións de flashcards do vocabulario tratado, cancións relacionadas co topic tratado en cada momento, pequenos sketches ou vídeos, contos, actividades en liña con autocorrección, etc.</p> <p>Todas estas actividades preséntanse a través do blog de aula. Blog co que xa están familiarizados pois xa o empregábamnos antes da actual situación. As actividades presentadas centraranse nos temas tratados no primeiro e segundo trimestre a modo de reforzo ou repaso. Así mesmo o blog conta con links a materiais de ampliación tales como enlaces a páxinas web con clásicos para nenos da literatura inglesa, links a páxinas educativas con grande cantidade de recursos como por exemplo o British Council, Cbeebies (BBC para nenos), etc.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado CON conectividade)</p>	<p>Ensinanza de linguas asistida por ordenador ou dispositivos móbiles (CALL Computer Assisted Language Learning ou MALL Mobile Assisted Language Learning).</p> <p>A filosofía actual do CALL presenta materiais que permiten que os alumnos e alumnas poidan traballar pola súa propia conta. Estes materiais incorporan dúas características importantes para a situación actual: a aprendizaxe interactiva e individualizada, así como permiten que o alumno/a aprenda ao seu propio ritmo.</p> <p>O entorno virtual proposto por nós é un blog de aula, co que xa contábamnos: Tamén destacamos o Método Audiovisual (Audiovisual Method) baseado na exposición do alumnado a materiais caracterizados pola unión de input auditivo con soporte visual, para favorecer a comprensión.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado SEN conectividade)</p>	
<p>Materiais e recursos</p>	<p><u>Recursos materiais:</u> dada a situación, hai que destacar a enorme utilidade dos medios tecnolóxicos. O blog de aula http://martinasworld.blogspot.com/ recolle materiais de todo tipo (xogos interactivos, fichas con autocorrección en liña, vídeos, cancións, contos audiovisuais... Mesmo algún material opcional que as familias poden imprimir.</p> <p><u>Dentro dos recursos humanos,</u> neste caso hai que mencionar á mestra especialista de lingua estranxeira, as titoras, que actuaron como mediadoras, e moi especialmente ás familias que facilitarán o acceso dos nenos e nenas a calquera actividade ou iniciativa proposta pola escola.</p>

4. Información e publicidade

<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>Farase unha comunicación ás familias empregando o Abalar Móbil ou o Correo electrónico para informar do blog da materia de inglés.</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Páxina web</p>